

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E APOIO A PERSOAS SEN TEITO OU EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE EXTREMA NO EXERCICIO 2024

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se se fixa a estrutura orgánica das consellerías e ao abeiro do disposto no Decreto 139/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Dona M^a Mercedes Casanova Díaz, presidenta do Comité Autonómico de Cruz Roja Española en Galicia, co NIF Q22 66001G, actuando en nome e representación da citada entidade, con sede na rúa Cruz Roja Española, 1, 15002 A Coruña, de conformidade co disposto no artigo 17.4 da Orde SCB/801/2019 de 11 de xullo de 2019 pola que se publica o texto refundido dos Estatutos de Cruz Roja Española (BOE núm. 178 do 11.07.2019) e no artigo 13.2 do Regulamento xeral orgánico de Cruz Roja Española.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto.

EXPOÑEN

I. Que os poderes públicos galegos teñen encomendada a obriga de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten



a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, social e cultural.

II. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

III. Que en virtude da habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española e en uso da competencia exclusiva recollida no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, desenvolveuse un sistema galego de servizos sociais, regulado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia en virtude da cal corresponde á Xunta de Galicia a planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia, mediante a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais e os plans e programas sectoriais.

A súa vez, o artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, define como obxectivo do sistema galego de servizos sociais facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social, conforme ao Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Do mesmo modo, na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 57.4 establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

IV. Tendo en conta, os obxectivos e o carácter multidimensional da pobreza e da exclusión social, as sucesivas estratexias galegas de Inclusión Social abordáronse



desde unha formulación estratéxica, centrada en dar respostas globais e integradas, que respondan ás necesidades dos grupos e persoas con maiores desvantaxes sociais, potenciando a máxima coordinación e proximidade territorial posible.

As accións deseñadas dentro destas estratexias, non poden esquecer ao colectivo de persoas sen teito ou en situación de vulnerabilidade extrema, entendendo por tales, aquelas persoas que carecen de residencia ou domicilio estable e que se atopen nunha situación socio familiar vulnerable, sen ingresos nin traballo e en definitiva en situación de exclusión social.

V. Na Lei 9/2023, de 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 na partida orzamentaria 13.03.313C.481.4 existe una dotación nominativa a favor de la Cruz Roja española en Galicia, por iso, de conformidade co previsto no artigo 26 .1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Conselleria de Política Social e Igualdade utiliza o presente convenio para canalizar a subvención.

Tratase de financiar un programa integral, onde teñen cabida todas as formas de intervención precisas para minimizar os danos asociados á condición de persoas sen teito, na procura da súa integración na rede de asistencia social.

Este programa desenvólvese pola entidade de iniciativa social Cruz Roja Española en Galicia, organización non gobernamental de recoñecida solvencia, recollida no Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo, pola que se establecen as normas de ordenación da Cruz Roja Española como unha institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público que desenvolve a súa actividade baixo a protección do Estado a través do Ministerio de Derechos Sociales e Agenda 2030, e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0023, polo que habilita á dita entidade á prestación de servizos sociais.

A titularidade do programa de acompañamento é da dita entidade Cruz Roja Española en Galicia. A través deste programa a entidade realizará actividades para atender as persoas sen fogar,

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio consiste na concesión directa por parte da Consellería de Política Social e Igualdade dunha subvención para a realización pola entidade Cruz Roja Española en Galicia do programa de acompañamento e apoio a persoas sen fogar, que consistirá no establecemento de liñas de atención a estas persoas a través da intervención coordinada con enfoque integral levada a cabo polos equipos técnicos da entidade con capacidade de actuación en todo o territorio galego.

Tal cometido desenvólvese na rúa, nos albergues, nos recursos da rede de atención específica ás persoas sen fogar, nos centros de Cruz Roja Española en Galicia e demais servizos de acollida existentes, e concrétase para as seguintes actuacións:

- a) Informar e derivar as persoas usuarias cara os servizos pertinentes.
- b) Proporcionar asesoramento social e legal.
- c) Desenvolvemento das accións de acompañamento especializado para a inclusión social ou socio-laboral, mediación e resolución de conflitos relacionados coa vivenda, intermediación inmobiliaria, prevención da discriminación no mercado da vivenda de persoas sen fogar.
- d) Apoio específico e acompañamento técnico para a inclusión social ou socio-laboral das persoas sen teito que accederon a prazas residenciais do sistema público por mor dunha situación de emerxencia social.
- e) Dar continuidade ás actuacións que ven desenvolvendo a Cruz Roja Española en Galicia encamiñadas a concienciar a sociedade da realidade e da problemática das persoas sen fogar. Estas actuacións serán accións personalizadas nos recursos sociais existentes en Galicia coma albergues, cociñas económicas ou xornadas de concienciación e de traballo, utilizando a rede, os coñecementos e recursos que a entidade ten na comunidade.

Para os efectos da concesión da subvención a través deste convenio terán a consideración de persoas sen fogar todas aquelas persoas que carezan, ou non



teñan, un aloxamento digno, estable e axeitado e cumpran os restantes requisitos do artigo 3.1 l) da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Incluírase tamén aquelas persoas que viven en infravivendas, entendendo por tal as que están nunha vivenda de estrutura temporal, aloxamento indigno e/ou amontoamento extremo.

SEGUNDA. Orzamento do programa a subvencionar

Para a realización das actividades obxecto do programa a subvencionar a través do presente convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de cento sesenta nove mil, novecentos cincuenta euros (169.950,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 38.03.313C.481.4 da Lei 9/2023, de 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. A referida contía cubrirá os seguintes gastos:

- 1) Gastos de persoal, 115.750 €
 - a) Retribucións e Seguridade Social a cargo da empresa
 - b) Dietas e indemnizacións
 - c) Outros gastos de persoal
- 2) Material para o programa
 - a) Non Inventariable 4.300 €.
 - b) Material divulgativo 3.000 €.
- 3) Outros gastos específicos do programa.
 - a) Gastos de emerxencia, 23.200 €
 - i) axudas sanitarias (como farmacia, médico, ortopedia),
 - ii) axudas de aloxamento,
 - iii) axudas de manutención,
 - iv) axudas de vestiario,
 - v) axudas de transporte y/o traslados,
 - vi) axudas de obtención y/o regularización de documentación,
 - vii) axudas de hixiene,
 - b) Seguridade 12.500 €
 - c) Primas de seguros 1.000 €
 - d) Servizos outras empresas 4.200 €
- 4) Gastos de auditoría 5.000 €
- 5) Gastos xerais imputados ao programa
 - a) Suministros 500 €.



- b) Locais (aluguer, limpeza, auga, luz); gastos de reunións (desprazamentos); Correos; outros 500 €.

Estes límites poderán sufrir lixeiras variacións, que só serán admitidas pola Consellería de Política Social e Igualdade cando esta estime que non comprometen a finalidade do programa e non impiden ou dificultan a boa marcha do servizo, cubrindo os gastos esenciais. As ditas variacións unicamente afectarán á desagregación exposta, non podendo superar a contía global destinada ao presente convenio.

Así mesmo, esta contía global destinarase unicamente á compensación de gastos e, en ningún caso, suporá beneficio económico para a Cruz Roja Española en Galicia.

TERCEIRA. Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables, a efectos da conta xustificativa, os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade, relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. Para estes efectos consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os seguintes:

- a) Gastos do persoal de carácter directo necesarios para a execución das accións: Serán adscritos o programa para cumprir seu contido, dous técnicos sociais a xornada completa; 1 técnico social as 24 horas; 1 técnico social a 23 horas e un 1 técnico social a 20 horas. As funcións desempeñadas por cada uno deles serán as descritas a continuación:

Categoría	Funcións
Técnico Superior	Xestión de aplicacións de usuario e intervención para a xustificación do proxecto.
	Xestión de documentación administrativa de proxecto e de datos de usuarios.
	Reunións de coordinación internas e/o externas e de seguimento do proxecto.



	Difusión interna e externa con outras administracións e recursos. Proporcionar asesoramento social a técnicos sociais. Organizar os equipo e roteiros de contacto na rúa e nos recursos de atención socio sanitarios. Realizar accións de sensibilización para concienciar da problemática á sociedade galega e estereotipos das persoas sen fogar. Deseño, planificación de actividades, sesións informativas e talleres. Elaboración de informes BI e memorias de seguimento.
Técnico Medio	Executar roteiros de contacto en rúa detección de persoas en situación de sen hogarismo. Atención ás demandas e a necesidades daqueles/as que non acoden de forma presencial e demandan acompañamento. Pautar acompañamentos a servizos sanitarios, a recursos sociais que deban implicarse no proceso de inclusión social da persoa ou ben, a recursos de aloxamento en función da demanda e recursos dispoñibles. Apoiar a persoas sen fogar, tanto en actuacións de rúa, nos albergues, nos recursos das redes de atención específica para as persoas sen fogar, nos centros de Cruz Roja Española en Galicia e outros servizos de acollida. Apoio específico e acompañamento técnico para inclusión social ou socio-laboral das persoas sen teito que accederon a prazas residenciais do sistema público debido a unha situación de emerxencia social



	Planificación e execución de actividades, sesións informativas e talleres. Información social dos recursos e derivación aos usuarios aos servizos pertinentes de atención continuada e outros. Deseñar e realizar accións de información, asesoramento e acompañamento especializado para a inclusión socio-laboral. Mediación de conflitos relacionados coa vivenda, intermediación inmobiliaria, prevención da discriminación no mercado da vivenda de persoas sen fogar, en procesos de inclusión residencial promovidos pola Administración Pública e entidades sociais. Derivación de usuarios a outros proxectos de Cruz Roja e externos para cubrir necesidades e demandas.
Técnico Especialista	Execución de actividades, sesións informativas e talleres. Atención ás demandas, necesidades daqueles/as que non acoden e demandan acompañamento. Executar roteiros de contacto en rúa detección de persoas en situación de sen hogarismo. Realizar acompañamentos pautados polo equipo técnico medio a servizos sanitarios, a recursos sociais que deban implicarse no proceso de inclusión social da persoa ou ben a recursos de aloxamento. Apoiar a persoas sen fogar, tanto en actuacións de rúa, nos albergues, nos recursos das redes de atención específica para as persoas sen fogar, nos centros de Cruz Roja Española en Galicia e outros servizos de acollida. Apoio específico e acompañamento técnico para inclusión social ou socio-laboral das persoas sen teito que accederon a prazas



residenciais do sistema público debido a unha situación de emerxencia social

Información social dos recursos e derivación aos usuarios aos servizos pertinentes de atención continuada e outros.

Realizar accións de información, asesoramento e acompañamento especializado para a inclusión socio-laboral.

Mediación e resolución de conflitos relacionados coa vivenda, intermediación inmobiliaria, prevención da discriminación no mercado de vivenda de persoas sen fogar, en procesos de inclusión residencial promovidos pola Administración Pública e entidades sociais.

Derivación de usuarios a outros proxectos de Cruz Roja e externos para cubrir necesidades e demandas.

Terá esta consideración o persoal que execute directamente funcións relacionadas co programa de acompañamento e apoio a persoas sen fogar subvencionado e que, polo tanto, desenvolvan actuacións inequivocamente identificables con este. A identificación das actuacións relacionadas co programa, no caso de traballadores por conta allea, deberá ser axeitadas a súa categoría profesional e constar no contrato de traballo; nunha previa asignación de funcións, no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución destas actuacións ou nunha previa asignación de funcións directas, no caso de dedicación parcial da xornada de traballo a realizar as ditas actuacións .

Na fase de xustificación, deixarase constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores imputables ao programa, explicitando a dedicacións horarias ao proxecto recollidas nun documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada e acompañada dos correspondentes partes de traballo.

Para a realización das devanditas actuacións, a entidade beneficiaria poderá contar con:



1º. Traballadores contratados pola entidade. Aos efectos, serán subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución das actuacións do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, vacacións retribuídas e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda.

2º. Traballadores por conta propia contratados pola entidade.

A imputación destes gastos á realización das actuacións do programa realizarase de xeito prorrateado axustándose a un método xusto e equitativo que constará por escrito con carácter previo a esta realización en función da dedicación horaria previamente asignada e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.

Dentro dos gastos indirectos inclúense os gastos de seguridade nos que incorra a entidade polo desenvolvemento das actividades obxecto do programa subvencionado a través deste convenio.

b) As axudas de custo e gastos de viaxe, que se rexerán na súa contía polo previsto no convenio colectivo da Cruz Roja Española- Asamblea Provincial A Coruña 2022-2027, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 193 de 11 de outubro de 2022.

c) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización das accións obxecto da subvención: comprenderán gastos do alugueiro debidamente xustificadas, gastos de mantemento do equipamento destinado ao programa, gastos de material e outros necesarios para execución das actividades. Estes gastos terán carácter directo sempre que estean vinculados exclusivamente ao programa e sexan necesarios para a súa execución. No caso de que a vinculación dos mesmos non teña natureza exclusiva serán considerados gastos de carácter indirecto e serán aplicables ao programa a través dun método de imputación xusto e equitativo que constará por escrito con anterioridade á realización dos gastos e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.

Incluirase no caso de que se precise para acadar a situación de inclusión residencial, os gastos de aloxamento, roupa e produtos de abrigo, alimentación, hixiene ou medicamentos sempre que se poda acreditar que están vencellados a un procesos de inclusión persoal dos recollidos no apartado d), da cláusula primeira.

d) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do programa



subvencionable, os de administración específicos e os gastos de auditoría só serán subvencionables se están directamente relacionados coas actividades obxecto do programa subvencionado ou son indispensables para a axeitada preparación ou execución deste.

Así mesmo, no caso de que se opte por unha contabilización separada dos gastos relacionados coas actuacións propias do programa subvencionable a través da apertura ou mantemento separado nunha conta bancaria específica poderán ser subvencionables os gastos de apertura, no seu caso e os de mantemento da mesma. Se a entidade Cruz Roja Española en Galicia estivese na obriga de auditar as contas anuais por auditor externo á propia entidade, os gastos de auditoría deberán axustarse aos subvencionados a través do presente convenio e, de non facelo, a auditoría poderá ser realizada por outra firma auditora que se axuste ao devandito importe.

e) Renting ou gastos de amortización derivados da adquisición de mobiliario, equipo, vehículos, infraestruturas, bens inmoables e terreos, asignados exclusivamente durante a execución da operación, e, no caso da amortización, sempre que as axudas públicas non contribuísen á adquisición dos mesmos. A amortización calcularase de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas e o custo referirase exclusivamente ao período subvencionable.

CUARTA. Subcontración de actuacións do programa

Está permitida a subcontratación, entendendo por esta a concertación con terceiros da execución parcial das actuacións que constitúen o programa obxecto da subvención.

A Cruz Roja Española en Galicia é a beneficiaria da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración; non obstante a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un límite máximo do 20% do importe da actuación subvencionada e deberá xustificar adecuadamente a necesidade da mesma. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a dita entidade beneficiaria para a realización por si mesmo da actuación subvencionada.

Todo procedemento de contratación deberá respectar os principios de transparencia, publicidade e libre concorrência, estando os subcontratistas



obrigados a facilitarlle aos organismos de auditoría e control da entidade outorgante toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas. En especial, e segundo o artigo 29.3 da Lei 9/2007 de 13 do xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto a subcontratar supere a contía de 15.000€ o beneficiario con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, e agás no caso de que polas especiais características dos servizos subcontratados non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou que os gastos se realizasen con anterioridade á solicitude da subvención.

QUINTA. *Inexistencia de relación laboral*

A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do programa a subvencionar, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir ningún tipo de responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no seu desenvolvemento.

SEXTA. *Obrigas de Cruz Roja Española en Galicia*

A Cruz Roja Española en Galicia comprométese a cumprir todos aqueles requisitos e obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e todas aquelas que deriven do financiamento das actuacións, e en especial:

a) Realizar as actuacións do programa de acompañamento e apoio a persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema previstas no dito programa a subvencionar a través deste convenio.

b) Acreditar a realización das actuacións do programa así como a aplicación dos fondos percibidos a través da subvención que deriva da sinatura deste convenio ao fin destinado, de acordo co establecido na cláusula primeira deste convenio. Esta xustificación será nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto no presente convenio.

c) Cumprir os requisitos e non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se



coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de Inclusión Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e demais órganos competentes no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

f) Estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

En canto á xustificación do cumprimento destas obrigas a Consellería de Política Social e Igualdade e a través da Dirección Xeral con competencias en materia de Inclusión Social poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles esta información, agás oposición expresa da entidade Cruz Roja Española en Galicia en cuxo caso deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.

g) Subministrar a información que lle sexa requirida para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

h) Non difundir ningún tipo de información que afecte aos procedementos e resultados das intervencións que se deseñen no marco deste convenio.

i) Adecuar a metodoloxía de recollida e proceso de datos relativos á execución das accións así como os instrumentos xustificativos do gasto á Lei 9/2007, do 13 de xuño e á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

j) Cumprir as normas de información e publicidade derivadas do financiamento destas actividades pola Comunidade Autónoma Galega.

k) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como, cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

l) Para asegurar o cumprimento das accións obxecto do programa subvencionado a través deste convenio, Cruz Roja Española en Galicia emitirá no prazo de dez días hábiles desde que sexa requirido, un informe que reflicta o grao de execución das mesmas.

m) Conservar durante 5 anos os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos.

n) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o



Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como en lenda alusiva ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais entre outros, que teñan relación co programa subvencionado.

o) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no título II da lei 9/2007, do 13 de xuño e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

p) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio, da Lei 9/2007, do 13 de xuño e o seu regulamento de desenvolvemento.

SÉTIMA. Xustificación

1. Respecto á forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 9/2023, de 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

De acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación da realización das actuacións obxecto do programa realizarase a través de conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada na que se reflicte unha relación de gastos, con indicación do acredor, importe e data de pago e, se é o caso, outros ingresos que financien a actividade, con achega dun informe de auditoría.

2. O informe de auditoría que achegue a entidade axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo disposto neste convenio.

A verificación que figure no informe de auditoría terá, en todo caso, o seguinte alcance:



a) O cumprimento por parte da entidade Cruz Roja Española en Galicia das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.

b) A adecuada e correcta xustificación da subvención percibida por parte da entidade.

c) A realidade e a regularidade da operación financiada.

d) O adecuado e correcto financiamento das actividades que forman parte do programa subvencionado.

O informe da persoa auditora permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do programa. En todo caso no dito informe conterá a seguinte comprobación:

a) Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade ou persoa con capacidade xurídica legal para realizar esta representación, debendo anexar ao informe unha copia dela selada pola persoa auditora.

b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.

c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas.

A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades obxecto do programa subvencionado. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien estas actividades deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

d) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme á normativa vixente. Para iso no informe deberá confirmarse: 1º. Que os gastos realizados e imputados ao programa gardan unha relación directa con el e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores

e) Que Cruz Roja Española en Galicia utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados e derivados das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención.



f) Que Cruz Roja Española en Galicia dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

g) Pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado as actuacións obxecto do programa subvencionado e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

h) Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica como fotografías, fotocopias ou captura de pantallas do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

3. As actuacións que se subvencionan con cargo a este convenio comprenderán gastos realizados durante a vixencia do mesmo, debendo presentar a documentación xustificativa antes do 15 de decembro de 2024, data esta última que se considerará como a de límite de xustificación aos efectos do artigo 37.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, reservándose a Comunidade Autónoma a posibilidade de esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade a esta data en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de cerramento do exercicio 2024.

OITAVA. Pagamento da subvención concedida

Para o pagamento estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A contía concedida farase efectiva coa presentación da totalidade da documentación xustificativa. O pagamento levarase a cabo mediante un pago único sen anticipos nin pagos fraccionados.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.



NOVENA. Compatibilidade con outras subvencións

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades obxecto do programa que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

DECIMA. A Comisión de Seguimento

Para o seguimento e coordinación das actuacións ~~accións~~ previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do mesmo.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da Cruz Roja Española en Galicia, designados por cada unha das persoas asinantes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade , designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de inclusión social.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de inclusión social, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado esta comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

DECIMO PRIMEIRA. Causas de resolución

De conformidade co artigo 33 da lei 9/2007, do 13 de xuño, serán causas de resolución do presente convenio:



- a) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) O transcurso do tempo fixado sen que se executen as actividades que conforman o programa obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo se fose o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA. *Duración*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo os seus efectos aos gastos do programa dende o día 1 de xaneiro de 2024, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

DECIMO TERCEIRA . *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.



As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DECIMO CUARTA . *Transparencia e publicidade*

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.



DECIMO QUINTA . *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

E en proba e conformidade cos termos do presente convenio o asinan ambas partes no lugar e data da sinatura dixital

A conselleira de Política
Social e Igualdade

Fabiola Garcia Martínez

A presidenta do Comité
Autonómico de Cruz Roja
Española en Galicia

M^a Mercedes Casanova Díaz

